

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

INFORME TÉCNICO

I.-ASUNTO: *plicas presentadas para a contratación do SERVIZO DE REPARACIÓN E ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE DAS ÁREAS DE XOGO INFANTÍS E DOS CIRCUÍTOS BIOSAUDABLES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.*

I.1.-Procedemento: *Aberto..*

I.2.-Tipo de licitación: *103.308€ (IVE excluído)*

I.3.-Prazo de execución: *3 meses.*

I.4.-Criterios de adxudicación: *os criterios que hai que negociar serán os seguintes.*

- 1. Proposición económica.*
- 2. Melloras.*
- 3. Redución do prazo.*

I.5.-Ofertas admitidas (segundo a acta da 2ª reunión da Mesa de Contratación).

- ALVAC SA
- HPC IBÉRICA SA
- CONTENUR SL.
- JARDINERÍA ARCE SL

I.6.-Descrición das ofertas:

I. 6. 1 Proposición económica: ata 5 puntos.

Segundo a fórmula que hai que aplicar, as puntuacións obtidas serían as que se detallan:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS
JARDINERÍA ARCE SL	83.007,97	5
CONTENUR SL	89.058,62	4.66
ALVAC SA	93.442,08	4.44
HPC IBÉRICA SA	101.756	4.07

I. 6. 2 Melloras: ata 18 puntos.

Segundo o indicado no punto.2 (relativo ás melloras) as puntuacións resultantes serían as que se detallan:



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

<i>EMPRESA</i>	<i>Nº DE ESPAZOS EN MELLORAS</i>	<i>PUNTOS</i>
JARDINERÍA ARCE SL	9	18
CONTENUR SL	9	18
ALVAC SA	9	18
HPC IBÉRICA SA	6	12

I. 6. 3. Redución do prazo: ata 2 puntos.

Outórgaráselle a puntuación máxima á oferta que supoña unha maior redución sobre o prazo inicialmente proposto.

<i>EMPRESA</i>	<i>PRAZO</i>	<i>PUNTOS</i>
JARDINERÍA ARCE SL	2 meses (60 días)	1
CONTENUR SL	75 días	0,8
ALVAC SA	20 días hábiles (30 días)	2
HPC IBÉRICA SA	1 mes e medio (45 días)	1,33

I. 7. CADRO RESUMO DAS PUNTUACIÓNS OBTIDAS.

<i>EMPRESA</i>	<i>OFERTAS</i>			<i>PUNTUACIÓN TOTAL</i>
	<i>OFERTA ECONÓMICA</i>	<i>MELLORAS</i>	<i>REDUCIÓN DO PRAZO</i>	
JARDINERÍA ARCE SL	5	9	1	15
CONTENUR SL	4.66	9	0.8	14.46
ALVAC SA	4.44	9	2	15.44
HPC IBÉRICA SA	4.07	6	1.33	11.40

I. 8. Conclusións.

Considerando as puntuacións obtidas nos tres apartados anteriormente sinalados e, segundo se observa no cadro resumo, resulta que a mellor oferta é a presentada pola empresa **ALVAC SA**, cunha puntuación total de **15.44 puntos**.

I. 9. Observacións.

Se se analizan detidamente as ofertas presentadas en relación ao proxecto o cal detalla as condicións técnicas que deberán cumprilos traballos que hai que realizar, considero de moi difícil cumprimento o prazo de execución proposto en cadansúa oferta (aspecto especialmente acentuado na empresa que obtén a maior puntuación segundo ese criterio). Así mesmo, tamén considero moi axustadas as propostas no relativo á oferta económica e ás melloras.

Por todo o anteriormente exposto, considero axeitado que se achegue un estudio de viabilidade económica.

Tales consideracións, baséanse nos traballos de campo que se levaron a cabo para poder estimar as valoracións económicas dos custos e así poder elaborar o estudio económico solicitado polos Servizos económicos do Concello para xustificarlo orzamento de licitación.

I. 10. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA.

O parágrafo 5 do apartado 13.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, recolle a posibilidade de que a Administración se reserve a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato ou durante a súa vixencia, podendo realiza-la dita comprobación por sí mesma ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitude de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, de se-lo caso, a resolución do contrato, coa perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidade e indemnizacións que de tal feito derivasen.

O que se informa para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2014

O xefe do Departamento de Parques e Xardíns



Asdo: José A. Mosquera Rodríguez

INFORME TÉCNICO DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS

ASUNTO: *análise dos estudos da viabilidade económica das ofertas presentadas para a contratación do Servizo de reparación e adaptación á normativa vixente das áreas de xogo infantís.*

A análise efectúase segundo a orde de puntuación obtida no informe sobre os criterios de adxudicación, elaborado con data 22 de xaneiro de 2014.

1. ALVAC SA.

Presenta a documentación que de seguido se resume, e da que obtemos a seguinte interpretación.

Para a xustificación dos prezos achega:

- Un orzamento da casa GALOPIN que inclúe catro xogos de resorte e cuio importe ascende a 3.565,60€ (IVE non incluído).
- Un orzamento facilitado pola casa BENITO URBAN que inclúe cinco unidades de papeleira circular en inox e cunha capacidade de 60l, cuio importe ascende a 543€ (IVE non incluído).
- Un orzamento presentado por STROWPI e ISFOVE (ámbalas dúas) por importe de 13.420€ (IVE non incluído) para a realización do informe de inspección, o diagnóstico e a certificación para un total de 61 áreas de xogo infantís.

Tamén achega unha táboa de retribucións do *Convenio da construción vixente para a provincia de A Coruña*, pola que calculan os custos do persoal. Así como unha segunda táboa, para o cálculo dos custos da maquinaria e dos custos indirectos.

De seguido, inclúen unha valoración das melloras, presentando un detalle das unidades correspondentes a cadansúa área que hai que reparar (melloras realizadas para un total de 9 parques) que ascenden á cantidade de 13.887,76€ (IVE non incluído).

Inclúen así mesmo, unha listaxe dos materiais que se van empregar na obra por importe de 18.720,52€ (IVE non incluído), unha listaxe da maquinaria e das ferramentas valoradas nun total de 306,45€.

A man de obra que van empregar está integrada por oficiais de 1ª e peóns ordinarios, para un total de 3.327,20 horas e que supón un importe total de 48.078,07€.

A xustificación da redución do prazo de execución da obra, pódese observar no programa de traballos e, para iso, forman 11 equipos de traballo con dous operarios cadanseu equipo (un oficial de 1ª e un peón).

Para a certificación dos parques, optase por dividi-las tarefas entre catro técnicos especialistas para, nunha campaña final, realiza-la certificación das diferentes áreas segundo a orde da finalización dos traballos.

OBSERVACIÓNS.

A oferta non materializaría a totalidade dos traballos indicados tanto nos pregos administrativos coma nos técnicos, na totalidade dos parques.

Os orzamentos achegados pola empresa STROWPI e ISFOVE solo inclúe o estudo e a certificación para 61 áreas infantís, cando o Prego técnico fai referencia a 67 áreas sen melloras.

As áreas que non figuran incluídas no estudo son: A Trisca, Bornais, Granxa do Xesto, Cotaredo e Lamas de Abade (SUNP-12).

2. JARDINERÍA ARCE SL.

En primeiro termo presentan unha táboa que detalla a porcentaxe correspondente a cadansúa partida dentro do conxunto do orzamento.

De seguido describen a organización da obra, do xeito que se detalla:

Crean tres equipos de traballo:

- Equipo 1: formado por 3 oficiais e 1 peón.
- Equipo 2: formado por 2 oficiais e 1 peón.
- Equipo 3: formado por 2 oficiais e 1 peón.

Así mesmo, describen os labores específicos que vai desempeñar cadanseu equipo.

Achégase unha táboa dos custos do persoal, calculados segundo o disposto no *Convenio da construción vixente para a provincia de A Coruña*.

Incorporan un orzamento facilitado pola empresa STROWPI para a inspección anual e certificación dun total de 61 áreas e cun importe total de 6.100€ (100€/ud).

Tamén un orzamento facilitado pola casa GALOPIN cuio importe ascende a 999,10€ para un total de 4 xogos.

Un orzamento facilitado pola empresa CHANECOLOR SL relativo a pinturas, esmaltes e disolventes, cuio importe ascende a 994,41€

Outro orzamento da empresa GRAFICAS MERA relativo a 21 carteis informativos, cuio importe total ascende a 2.100€.

Tamén incorporan uns cadros relativos ao grao de dificultade das reparacións, o tempo de reparación, as unidades que hai que reparar e o equipo que se vai encargar das ditas reparacións. Cadro aplicable unicamente a 55 parques.

Finalmente achegan un planing no que se detalla o tempo de duración dos traballos e os parques adjudicados a cadanseu equipo. O cadro soamente recolle a reparación para un total de 56 parques.

OBSERVACIÓNS

Como aspecto destacable: o orzamento da inspección soamente abrangue 61 áreas.

Así mesmo, o cadro no que se fai unha relación das áreas que hai que reparar e se indicada o grao de dificultade, soamente é extensible a 55 áreas (incluídas as 9 áreas das melloras).

O planing aplícase unicamente a 56 áreas (incluídas as 9 áreas das melloras).

3. CONTENUR SL

En relación ao estudo económico das áreas de xogo infantís e dos circuitos biosaudables, presente o seguinte detalle por partidas económicas:

a. Cadro de persoal	18.404,52
b. Produtos de limpeza e pinturas	9.188,20
c. Elementos de reposición	45.165
d. Estudo e certificacións (para 67 áreas)	12.060

A continuación destacan as actuación valoradas para cadanseu dos 9 parques que forman as melloras, por importe total de 18.785€.

Finalmente incorporan un planing coa programación dos traballos durante os 2,5 meses do prazo, no que se indica que durante as 3 primeiras semanas se realizará o estudo das áreas por medio dunha empresa certificadora.

Os 75 días de prazo para a reparación das deficiencias, efectuaranse con dúas brigadas integradas por dous operarios especialistas e unha furgoneta. Nos últimos 19 días entregarán os certificados.

OBSERVACIÓNS.


Como observación sinalar que se bota en falla un detalle maior dos traballos que hai que realizar en cadansúa área infantil.

4. HPC IBÉRICA SA.

Presenta, en primeiro lugar, un informe que incorpora unha reportaxe fotográfica dos elementos de cadanseu parque que hai que reparar.

De seguido, un orzamento no que detallan o custo das actuacións realizadas en cadanseu elemento. Así mesmo, incorporan unha listaxe dos xogos ou elementos novos que compre instalar.

Tamén detallan o orzamento das melloras, soamente para 6 áreas, cun importe total de 26.422,48€.



CONCELLO DE SANTIAGO

Finalmente presentan un plan de traballo para 1,5 meses no que se inclúe o estudo das 67 áreas de xogo, os traballos de reposición realizado polos equipos (composto cadanseu equipo por 2 montadores especializados) e as certificacións para 52 áreas.

OBSERVACIÓNS.

Tal e como se indicou no informe anterior, a dita empresa soamente oferta 6 áreas como mellora.

CONCLUSIÓN

Analizadas as propostas realizadas segundo o solicitado polo Negociado de Contratación, no que solicitan un *estudo da viabilidade económica da proposición, con mención expresa ao valor económico das melloras e axeitada justificación do prazo de execución ofertado*, o técnico que subscribe considera o seguinte.

As catro firmas dan resposta ás preguntas formuladas no escrito, aínda que as valoracións económicas dos distintos capítulos (persoal, materiais e prazo) non coinciden con exactitude.

Como se recolle no apartado de *OBSERVACIÓNS* para cadansúa oferta, tanto a firma ALVAC SA como JARDINERÍA ARCE SL, non realizan os traballos para a totalidade das áreas incluídas no Prego técnico: *realiza-lo estudo nun total de 67 áreas e face-lo traballo de adaptación á normativa para un total de 52 áreas*, ademais das que se propoñan como mellora.


Por todo o anteriormente exposto, propoño que sexa a Mesa de contratación a que adopte a decisión correspondente.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2014.

O xefe do Departamento de Parques e Xardíns

Asdo: José A. Mosquera Rodríguez





**CONCELLO DE
SANTIAGO**

INFORME DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS.

ASUNTO: *Informe complementario ao realizado con data 26 de febreiro de 2014.*

"Análise dos estudos da viabilidade económica das ofertas presentadas para a contratación do Servizo de reparación e adaptación á normativa vixente das áreas de xogo infantís".

Unha vez presentadas as conclusións á mesa (no informe indicado no asunto de referencia) sobre a viabilidade económica das ofertas presentadas e, logo de se resolveren por unanimidade as dúbidas xurdidas, infórmase o seguinte.

A oferta presentada pola empresa ALVAC SA non cumpre coas condicións descritas nos pregos tal e como se indica no informe, ao valorar unicamente 61 unidades de áreas para a súa inspección e diagnóstico, cando o Prego indica con claridade a realización dun estudo para 67 áreas e reparar e certificar 52 áreas (ambos aspectos relacionados polos seus nomes) ademais de indica-las unidades de mellora que poden ofertar.

O mesmo ocorre coa oferta presentada pola empresa ARCE SL. O estudo económico incorpora o orzamento para 61 áreas, incluídas as 9 áreas das melloras. Tamén se observa que na relación das áreas que hai que reparar, soamente contabilizan 55 unidades (incluídas as melloras) e 56 áreas no planing de execución (incluídas tamén as melloras).

Doutra banda, consideramos que ámbalas dúas ofertas incumpren os pregos de condicións.

Por todo o anteriormente exposto, e considerando a orde de puntuación obtida e detallada no informe de data 22 de xaneiro de 2014, a seguinte oferta máis vantaxosa sería a realizada pola empresa CONTENUR SL. O que propoño á Mesa de contratación para que adopte a decisión que considere máis oportuna.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2014.

O xefe do Departamento de Parques e Xardíns

Asdo: José A. Mosquera Rodríguez